



RESUMO DE CUESTIÓNS IMPORTANTES SOBRE A ADMISIÓN AO BACHARELATO CURSO 24-25

- ❖ A normativa reguladora do proceso de admisión (reserva de praza e admisión ordinaria) para EI, EP, ESO e BACHARELATO:
 - [Decreto 13/2022, do 3 de febreiro](#)
 - [Orde do 21 de outubro de 2022](#)
 - [Orde do 26 de maio de 2023](#)

- ❖ **O centro adscrito** do CPI Manuel Suárez Marquier para estudar ensinanzas de bacharelato é **o IES A SANGRIÑA (A Guarda)**

1. PRAZOS DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

a) SOLICITUDE RESERVA DE PRAZA PARA ALUMNADO DE CENTROS ADSCRITOS

❖ ***O alumnado que desexe estudar bacharelato no noso centro adscrito (IES A SANGRIÑA), deberá reservar a praza: Do 15 DE XANEIRO AO 5 DE FEBREIRO 2024 (INCLUSIVE).***

❖ **Solicitud de reserva de praza mediante o modelo [ED550A](#) (galego); [ED550A](#) (castelán).**

❖ A solicitude pode cubrirse e entregarse por vía electrónica ou de xeito presencial. En caso de ser presencial, descargar a solicitude nos enlaces anteriores, cubrir, asinar e **entregar no noso CPI (Administración)**, indicando na solicitude o centro adscrito no que solicita a reserva de praza (IES A SANGRIÑA) e a modalidade de bacharelato elixida.

❖ O centro adscrito e de adscrición publicarán a listaxe definitiva de alumnado con posto reservado sobre o 22 de febreiro.

❖ Unha vez confirmada a reserva de praza, a formalización da matrícula será previsiblemente entre o 23 xuño e o 7 xullo. As datas e o procedemento serán publicados na web do centro onde ten confirmada a praza.

b) SOLICITUDE ORDINADIA DE ADMISIÓN:

❖ ***O alumnado que desexe estudar o bacharelato nun centro diferente ao adscrito ou que quede sen praza na reserva, deberá solicitar admisión : do 1- 20 MARZO 2024 (INCLUSIVE).***

❖ **solicitud ordinaria de admisión mediante o modelo [ED550B](#) (galego); [ED550B](#) (castelán).**



2. PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN:

Tanto a reserva de praza como a solicitude ordinaria de admisión xestionaranse a través da aplicación **admisionalumnado** da consellería na que está recollida toda a información e pasos a seguir : <https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>

3. INFORMACIÓN RELEVANTE PROCEDEMENTO DE RESERVA DE PRAZA OU ADMISIÓN DO BACHARELATO:

- ❖ Para o alumnado menor de idade é imprescindible o consentimento de **ambas persoas proxenitoras**. En consecuencia, a solicitude debe ser asinada por calquera das persoas proxenitoras e deberá constar o consentimento expreso da outra persoa proxenitora no anexo de comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar e consentimento (Anexos I-bis ou Anexo II-Bis).
- ❖ A solicitude de reserva de praza ou admisión é única para cada alumno/a e ten carácter vinculante.
- ❖ **MOI IMPORTANTE:** O alumno/a que teña reserva de praza concedida en centro adscrito, no caso de que desexe presentar solicitude de admisión para outro centro diferente no prazo de admisión ordinaria (1-20 marzo), **DEBERÁ COMUNICAR POR ESCRITO ANTE O CENTRO ONDE TEN A PRAZA RESERVADA, A SÚA RENUNCIA** A MESMA, **ANTES DO 28 de febreiro do 24** (consultar datas por se existen modificación). En consecuencia, na solicitude de admisión ordinaria (**ED550B**) **presentada en prazo**,deberá cubrir os datos do recadro "*supostos específicos*".
DE NON FACELO, PODERÁ SER CAUSA DE PERDA DO DEREITO A PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN ORDINARIO.

4. APLICACIÓN DE CRITERIOS DE ADMISIÓN

No caso de que non haxa postos escolares suficientes para atender a todas as solicitudes de reserva e/ou admisión de praza, terase en conta os seguintes criterios de orde de prioridade do alumnado:

- ❖ **Que teñan irmás matriculados no centro:** 8 PUNTOS, polo primeiro, 2 PUNTOS por cada un restante. Olo: *só se continúan escolarizados durante o curso escolar para o que se solicita a reserva de praza.*
- ❖ **Proximidade do centro ao domicilio familiar OU ao traballo:**
 - Domicilio→ en área de influencia: 8 PUNTOS ; en áreas limítrofes: 4 PUNTOS.
 - Traballo→ en área de influencia: 6 PUNTOS ; en áreas limítrofes : 3 PUNTOS.
- ❖ **Renda anual:** máximo 3 PUNTOS
- ❖ **Que teñan proxenitores traballando no centro:** 3 PUNTOS (sexa 1 ou os 2)
- ❖ **Familia numerosa:** 3 PUNTOS(5 irmáns) /2 PUNTOS (3 irmáns ou 2 pero un con discapacidade).
- ❖ **Irmáns nados de parto múltiple:** 2 irmáns (solicitude mesmo centro): 8 PUNTOS/ máis 2



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Centro Público Integrado "Manuel Suárez Marquier"

Cumieira de Arriba, s/n
36.770 – O ROSAL (Pontevedra)
Código: 36.013.576 - CIF: Q-8.655.374-J
Tíf.: 886120385 - Fax: 886120397
e-mail: cpi.suarez.marquier@edu.xunta.es

irmáns: 10 PUNTOS.

❖ **Familia monoparental:** ata 2 PUNTOS.

❖ **Discapacidade (=/> 33%):**

-Do alumnado: ata 4 PUNTOS.

-Proxenitores/titores legais: 3 PUNTOS.

-Irmáns: 1 PUNTO/cada irmán

❖ **IMPORTANTE!!:** PARA BACHARELATO, ADEMAIS, SE TEN EN CONTA O EXPEDIENTE ACADÉMICO: Se terá en conta a nota do expediente académico de 3º ESO.

- Media de Sobresaínte: 2 PUNTOS
- Notable: 1 PUNTO
- Ben: 0.50 PUNTOS

Ampliar a información sobre a admisión e baremo na normativa relacionada :

<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado/Axuda.action>